N.º 3 (5 mayo 1937)

Redacción:
SECREDARIA GALEGA
Av. 14 de Abril, 442
BARCELONA

# NOVA GALIZA

BOLETIN QUINCENAL DOS ESCRITORES GALEGOS ANTIFEIXISTAS

## *A TRAICIÓN ANTIGALEGA*

*¿Cómo na nosa terra, de xente liberal, antifeixista por natureza, puderon impoñerse os feixistas?*

*Non eran os tempos derradeiros como aqueles outros en que o sentimento de xustiza e liberdade vivía na concencia de cada un, pero impotente ainda para se manifestar como un feito civil, como concencia pública, por falla de organización e de mutuo acordo. No tempo en que se produxo o levante militar, Galiza estaba xa erguida e ben desperta, e os galegos fraternizaban uns cos outros n'aquel sentimento que antes estaba sô acobeixado en cada un. Non se pode pensar que faltase a forza da unidade galega, e que a nosa terra fose asoballada por estar dividida. Políticamente tíñase chegado a unha lumiosa concencia colectiva que prometía forza unánime contra calquera pretensión de tiranía ou cacicato.*

*¿Porqué se impuxo, entón, a mais treboenta, irracional, sañuda e zurda de cantas tiranías poden ser maxinadas en pesadelo ou delirio de febre? Certo é que a poboación galega, moi espallada, non se pudo organizar para a defensa co-a mesma rapidez que a xente obreira dos paises moi urbanizados. Certo que escaseaban as armas e que houbo, ademais, vacilacións fatales nos que tiñan o deber de poñelas — as que houbese — nas mans dos traballadores da cibdade. Son estas as causas que se din, e son certas. Pero según pasa o tempo e se escrarecen as notizas, vaise vendo, ademais, que o ímpeto civil dos galegos — obreiros e labradores — foi arteiramente desourentado e posto fora de batalla por unha amplexa rede de traicións. Unhas veces a rede foi tecida a concencia. Outras, resultou, sen previo acordo, d'unha instintiva e azarosa coincidenza dos traidores. Uns fíos con outros deixaron apreixoada â raza galega, que oxe, no seu desespero, tanto como de rabia e dor, xeme de vergonza. Habedes de saber, galegos de América, que alá en Galiza sinten o honor galego marxado e discutido, e rabian os nosos irmáns coidando que non sabemos a verdade. Habedes de saber que non poden ler outros xornaes que os que pintan a Galiza conforme co estúpido, cobarde e bárbaro arroallo dos falanxistas. E coidan que damos creto aos que así minten. E desesperan de vergonza. Eles non poden berrar, e o seu berro non chegaría a vos, os que estades lonxe. Pero ese berro e un infindo clamor atafegado nas gorxas; un clamor que desminte e que dí : ¡Non!*

---

**Galiza non sufre en van...**

**Cando lle chegue o intre de se erguer, será o pobo mais ergueito e mais dificil de asoballar de novo.**

**A través da morte e do desespero unha irmandá de ferro estase forxando. ¡Contra a barbarie! ¡Contra a mentira! ¡Contra os parásitos con insinias que tanto levaban vivido a conta d'ela e son agora os que vilmente a desangran!**

## AS TRES FONTES

A renascencia da cultura galega — provocada por un fato de mozos que xa morreron ou xa son vellos — despertou a vontade autonomista ; pero a simple promulgación dun Estatuto autonómico nin tansiquera podería soster o rexurdimento espritual se non servise para transformar a nosa economía e non tivésemos tamén a vontade de realizar esta transformación.

Xa é hora de decir que foi Bóveda o home do Estatuto de Galiza e que morreu por defendelo. Bóveda era, ademáis, o home capaz de «preparar a nosa terra para incorporala, no seu día, âs novas correntes da economía universal». Pero eu estou ben seguro de que a morte de Bóveda servirá de estímulo i exemplo a todol-os autonomistas galegos. Soñemos, pois. Soñemos un pouco para esvaer o pesadelo desta guerra noxenta.

Eu vexo a nosa terra ceibe de vezos rutinarios, de pleitos cativos e de cobizas ruíns.

Vexo aos homes no traballo e âs mulleres no fogar. Vexo aos nenos, loiros e bonitos, a comer pan trigo con mel e manteiga. Vexo âs mozas levando liño âs fábricas de fiado — como antes levaban grao ao muiño — e véxoas dispois a tecer lenzos insuperables.

Vexo casas limpas e hixiénicas, de estilo paisán e dacordo coas comenencias da vida labrega ou mariñeira.

Vexo centros técnicos de investigación i esperimentación agrícola, forestal e pecuaria.

Vexo piscifactorías, laboratorios costeiros i escolas de pesca.

Vexo escolas ruraes de formación campesiña para soerguer a comunidade aldeán.

Vexo grandes fábricas de pasta de papel e de productos derivados do leite.

Vexo a esplotación mecánica das canteiras de granito azul e rosa.

Vexo, en fin, unha terra farturenta, onde todos traballan e viven en paz.

A vida económica da nova Galiza está principalmente nos prados, nos montes e no mar ; é decir, na vaca, no albre e no peixe. Cicais estea tamén nas froitas, nas patacas e no viño ; pero â nosa terra abondaríalle con tres fontes de riqueza ben dirixidas.

Hoxe quero darvos a coñecer uns apuntes que eu compuxera para ledicia do noso inesquecible Bóveda, e para que poideran servir de afiches na propaganda que se aveciñaba.

### A VACA

A vaca é o símbolo da paz.

Val máis o que siñifica unha vaca que o que simboliza un león rampante.

A vaca esqueceuse dos cornos e danos o seu traballo, o seu leite, a súa carne, o seu coiro e a carne e o coiro dos seus fillos. Non-os pode dar máis.

O can é o amparo dos ricos, que defende a propiedade do amo e ladra aos probes que van pol-os camiños. En troques a vaca é o amparo dos probes libres.

Os concursos de vacas leiteiras valen máis que os «concursos de belleza».

A nosa vaca tiña o pesebre en Galiza e os tetos en Madrid. E o que non lle dá de comer a unha vaca non ten dereito a muxila.

As «señoritas» que choran pol-a morte dun can ridículo non comprenden a door dunha familia labrega cando se lle morre unha vaca.

Se non fose pol-o leite das vacas a piolleira das cibdades morreríase desnutrida. A vaca é a ama de cria da humanidade.

O dia que nós emitamos papel-moeda non estamparemos n-él o retrato dos políticos, nin dos sabios, nin dos artistas. Estampariamos somentes a figura dunha vaca, como símbolo da nosa economía humanamente distribuida.

O dia que Galiza sexa unha comunidade cooperativa ergueremos un gran moimento a unha vaca en bronce dourado.

Tamén hai razas de vacas, e a mellor é a nosa.

O dia que seipamos o que val unha vaca aquel día Galiza quedará redimida.

### O ALBRE

O albre é o símbolo do señorío espritual.

O albre é un engado dos ollos pol-a súa fermosura ; é unha ledicia dos ouvidos porque n-él cantan os paxaros ; é un arrolador do esprito, porque nas súas ponlas conta contos o vento.

O albre danos a froita, que é un manxar composto pol-o mesmo creador para regalía do noso paladar. O único ben que nos quedou do paraiso perdido.

O albre pídelle auga ao ceo para que a terra teña sangue, vida e bonitura.

O albre danos a soma fresca no vrán e a quentura garimosa no inverno.

O albre danos as traves, o chan e as portas da casa. Danos o berce, o báculo da vellez e a caixa para ir ao Alén.

O albre danos o papel barato que nos trai a decotío as novas do que pasa no mundo.

Val máis unha terra con albres nos montes que un Estado con ouro nos bancos.

A calvicie dos montes galegos é unha terrible acusación contra o Estado unitario.

Os albres son as minas galegas que nós saberemos esplotar cando a nosa terra sexa nosa.

A repoboación forestal será o patrimonio da nación galega e o mellor aforro da colectividade.

Na nosa terra danse os mellores albres.

O dia que seipamos o que val un albre aquel día non teremos necesidade de emigrar.

### O PEIXE

O peixe é o emblema de Cristo.

O peixe é a plata do mar feita carne.

Cada peixe ten a sustancia do seu mar. O peixe do Mediterráneo sabe a carne civilizada. O peixe do Atlántico, un mar terriblemente salvaxe, sabe a sal de vida.

O peixe galego trai nas frebas da carne as mellores esencias do Atlántico.

A pesca era un traballo noble e xeneroso. Por algo Xesús de Nazaret escolleu como apóstolos a doce mariñeiros. Mais agora péscase con dinamita.

Cando naufragaba unha lancha morría o «patrón» xunto cos «compañeiros». Agora o «patrón» nunca morre afogado porque xa non vai ao mar.

A pesca en Galiza ennoblecerase de novo cando retorne âs maneiras colectivistas da nosa tradición mariñeira. O que queira «quiñóns» que xogue a vida no mar.

O Fisterre galego — a punta máis avanzada de Europa — fíxose para pescar.

A xente da meseta soio coñece as momias de sardiña en ataudes de madeira e folladelata. O dia que teñamos un gran porto pesqueiro e vias de comunicación toda Hespaña comerá peixe fresco.

A Hespaña que morre de carne de porco revivirá pol-a carne de peixe.

O dia que Galiza sexa nosa os mariñeiros vivirán na fartura.

CASTELAO

DA GALIZA MARTIR

por Castelao



PRIMEIRO MORTA QUE ALDRAXADA

## A RENACENCIA POLITICA GALEGA

POR XOAN X. PLA

Pódese fixar a data do comenzo da renacencia politica de Galiza coa da Guerra da Independencia e a creación nisa época da Xunta de Galiza. Xá dende moito antes os historiadores i-eruditos (Gándara, Sarmiento, Feixóo, Cornide) tiñan defendido a personalidade histórica e as glorias de Galiza, cuias cousas e cuios homes eran, dende o século XVI ouxeto de bulras e disprecios pra os casteláns, como pode ollarse nos grandes escritores do chamado Século de Ouro.

Valentín Faraldo puñese en Compostela ao fronte dun grupo de escritores románticos e dende o ano de 1840 comenza a pubricar artigos en xornaes diversos encol da necesidade d-unha reconstrucción total da vida galega. En 1843 un movimento revoluzonario liberal congrega en Lugo representantes de toda Galiza e alí Faraldo pon a discusión si Galiza debe ou non formar un estado independente, e a revolución galega do 1846 tamén e aproveitada por Faraldo pra poñer ao dia as reveindicacións galegas.

En 1855 o movimento galeguista adoita a forma do «rexionalismo» coincidente co renacimento da cultura e do cultivo apaixoado da lingua. Triunfante a revolución de 1868 os autonomistas galegos cuase todos-iles rexionalistas e federales levaron a cabo unha intensa campaña en defensa dos seus ideales e que sirveu de base pra o Pacto Federal Galaico-Asturián que no ano de 1869 siñaron representantes dos dous partidos.

Procramada a primeira Repúbrica na Hespaña, o Concello de Compostela convocou a unha xuntanza que se celebrou o 22 de xulio de 1873, na que se tomou o acordo de iniciar unha reorgaización politica de Galiza autónoma, pois agardábase a proclamación d-unha repúbrica federal. Foron moitos os concellos, sociedades e diputados nas Constituintes que se adheriron, chegándose incruso a nomear un centro direitivo e a preparar un manifesto. A Repúbrica Federal quedou sen proclamar e aquila espranza quedou convertida n-unha nova decepción.

Chegon a restauración borbónica e o caciquismo lanzouse a afogar ainda mais as arelas de liberdade da Galiza. O movimento politico disminueu, mais en troques o literario aumentou considerabelmente. Os anos comprendidos entre 1880 e 1890 foron en iste senso eistraordinarios. Nista epoca

Ayuntamiento de Madrid

xurde un novo campeón politico : Alfredo Brañas, profesor da Universidade Compostelán, grande orador e fondo coñecedor da politica e do movimento social na Europa. Seu libro *El regionalismo* (1888) tivo unha gran repercusion dentro e fora de Galiza. Fundou unha sociedade cuio presidente foi Murguia e fixo un viaxe a Barcelona donde espuxo as suas doctriñas, que Prat de la Riba incorporou âs suas sober o nazonalismo catalán.

En 1907 e respondendo ao movimento de Solidaridade Catalana aparece o de Solidaridade Galega, que pouco dempois derivaba cara ao agrarismo celebrando soadas Asambreias en Monforte e Rivadavia.

A iste movimento siguiu o de Acción Gallega tamén rexionalista e que pouco a pouco trasformouse nun movimiento auténticamente nazonal. Acción Gallega ergueu a impoñentes masas labregas dándolles un sense revoluzoario que se traduxo en actos de acción direita contra os cobradores de foros e os caciques, e choques sangrintos coa servil Guardia civil. En 1916 fúndanse as Irmandades da Fala co obxeto de difundir a lingua, conquerir pra Galiza unha amplia autonomia, traballar pra a solución dos problemas colectivos e permanentes da terra galega, intervir na politica, pra que ista se faga en proveito do pobo e traballar pol-o desenrolo da cultura cientifica, literaria e artística.

Espalladas por toda Galiza as Irmandades, déronse conferenzas, celebraron exposiciós artísticas e veladas de teatro e música, fixéronse ediciós de autores galegos e folletos de propaganda, patrocináronse concursos cientificos e deu comenzo a pubricación de *A Nosa Terra*. Realizouse unha excursión a Catalunya e firmouse o primeiro pacto cos cataláns, que siñaron por ista banda os rexionalistas.

En novembro de 1918 celebraron as Irmandades a súa primeira asambreia, en Lugo. A súa doutriña chamouse, de entón, Nazonalismo galego, e no programa votado figuraba : Parlamento e goberno galegos ; cooficiolidade das linguas castelán e galega ; recoñecimento da personalidade das parroquias ; a federación ibérica, e o ingreso das nacionalidades ibéricas na Sociedade das Nacións. Galiza encarregaríase, según iste programa, de todas as funciós ademistrativas, lexislación social, réxime tributario, réxime bancario, xustiza, ensiño, obras púbricas e determiñados dereitos no que respeita a comunicacións e camiños de ferro.

A partir diste ano as Irmandades celebran asambreias anuales, que tiveron lugar en Compostela (1919), Vigo (1920), Monforte (1921), e a Cruña (1922). No 1923 xurdiu a idea da Triple Alianza Peninsular entre os nazonalistas de Galiza, Euzkadi e Catalunya. As Irmandades mandaron a Catalunya a dous persoeiros que siñaron cos baskos e os cataláns o pacto o dia 11 de septiembre. Ise mismo dia celebrouse o homâxe que anualmente rinde o pobo catalán ao conseller Casanova e níl tomou parte, por Galiza, Antón Villar Ponte. Dous dias dempois implantábase a Dictadura de Primo de Rivera abortando o movimento da Triple Alianza.

A dictadura primoriverista detivo toda actividade politica. Así e todo, tratouse de conseguir a mancomunidade das catro diputacións galegas, pra que Galiza poidera têr un orgaismo reitor único que fora amais xerme do recoñecimento da súa personalidade. Iste proiecto fracasou pol-a xenreira do dictador a todo o que tivera visos de rexionalismo.

Perante a etapa dictatorial o nazonalismo galego deixou de ter manifestacións de tipo politico refuxiándose no campo cultural. Fúndase en 1923 o Seminario de Estudos Galegos, que impolsou notabelmente a nosa concencia nazonal e fixo unha laboura fecundisima no terreo cientifico, artistico e literario.

Nos derradeiros anos da Dictadura, xurdiu unha orgaización repubricáa galega autonomista (ORGA), na que ingresaron moitos nazonalistas, e que levaba no seu programa, como principal punto, a autonomia de Galiza.

En 1929 todos os grupos rexionalistas, autonomistas, nazonalistas e federales constituiron unha sorte de alianza. Chamouse Pacto de Barrantes, porque se siñou no Pazo d-iste nome. O Pacto de Barrantes foi fecundo, pois sirveu de base pra unha intensa campaña repubricán en tempos do Goberno Berenguer, aun cando superouse cáseque ao escomenzala o contido estricto do Pacto.

A ORGA, mentras tanto, como partido politico a vangarda dos repubricáns galegos siguiu facendo a sua campaña especifica por todo o pais, e cando repubricáns e socialistas chegaron en toda Hespaña a un acordo desiñou un representante que asistiu as reuniós que deron lugar ao Pacto de San Sebastián, donde ise representante galego solicitou pra â Galiza unha autonomia tan extensa como a que lle houbera de ser concedida a Catalunya. O triunfo nas eleccións municipales do 12 de abril de 1931, e ractificado nas de diputados as Cortes Constituintes da segunda República hespañola, deu a todos os autonomistas a seguridade de que a autonomia era un feito inmediato.

Os agrupamentos nazonalistas non absorvidos pol-a ORGA e elementos dista orgaización separados da mesma cando xuzgaron que non se cumplia o programa con que se habia feito a campaña electoral, reuníronse en Pontevedra e constituiron o Partido Galeguista, que contou con tres diputados nas Constituintes. O Partido Galeguista eisi constituido decrarouse dende o primeiro intre fervorosamente autonomista e foi o motor das actividades que dende aquila manifestáronse en favor da desexada autonomia pra o pais galego.

Tan axiña como rematou a campaña electoral pra diputados âs Cortes Constituintes escomenzou a da autonomia. Deuse cumprimento ao trámite constitucional da proposta pol-os concellos que celebrou a sua asambreia, a iste ouxeto, em Compostela, perante os dias 19, 20 e 21 de Nadal de 1932. Asambreia na que por riba das habilidades da politica centralista se manifestou de maneira vibrante un rexo sentimento de galeguidade.

Fracasado iste intento, rota a intelixenza entre as forzas de izquerda, «o bienio negro» veu a poñer un longo compás de espera as arelas galegas. O triunfo do Frente Popular do 16 de febreiro plantexou inmediatamente a cuestión autonómica, por ser punto capital no programa conque as ezquerdas galegas foron a isas eleccións. Fixada a data de 28 de xunio de 1936, e amagadas que foron as maniobras e habilidades conque pretendeuse novamente impedir o plebescito, celebrouse iste na data fixada, outendo un resoante exito xá que as tres cartes partes do electorado galego pronunciouse ao seu favor. O dia 17 de xulio de ise ano era o proiecto prebiscitado presentado as Cortes da República. Dous dias dempois estalaba o crimiñoso movimento faccioso.

A barbarie facciosa que en Galiza ten as suas manifestacións mais sádicas leva asesiñadas a mais de 60,000 persoas de todas as ideas, mais todas unidas pol-o seu fervor autonomista e revolucionario. Velahí como o Estatuto de Galiza tivo no seu nacimento iste prebiscito tráxico, que demostran bén as craras o seu carácter liberador e a sua raiz popular.

# "CIVILES" E FALANXISTAS

Os «civiles» foron sempre en Galiza servos furiosos do cacique. O cacique tiña as leis, o concello, os cans da sua horta e, pol-as estradas, os civiles : uns homes adustos, con mostacho de xesta e cara de cartón, aos que era obrigatorio dal-as boas noites.

Eran palurdos, iñorantes, monárquicos, e tiñan a man irreverente, afrentosa, sempre do rivés, tesa no anceio de dar labazadas. Daban tamén patadas. E era para eles unha gran festa ter a un home preso e, na escuridade, ennegrecerlle o corpo a culatazos. Facer chiar a un home, convertilo n'unha alimaña que berra xa como unha fera ou como un neno, confundilo co-a sombra, reducilo a un farrapo que ainda palpita e xeme n'un curruncho, desbaratar o orgulo simple e natural do home, demostrándolle a paus «que non é home» : velahí o anceio que locía decote, como un brilo alcohólico, nos ollos pequerrechos e adentrados dos «civiles». (Os poucos que non fosen así eran ollados con receio pol-os outros).

Xogaban ao xulepe na trasbotica : *ergo*, eran señores. E pódese dicir sen moufa, porque os «señores» eran tan inciviles como eles. Todo verdadeiro señorío e toda civilidade eran mirados de reollo por uns e outros.

Todo isto era sabido ; pero o pobo inxel cando ve que unha cara se vira amizosa, esquence moitos anos de esperencia. E así, en Galiza, dou creto aos «civiles». Un día repicaron as campás, correron os pregóns. En moitas aldeas e pequenas vilas foron asi chamados todol-os veciños, como cando arde unha casa. No adro, no consistorio, déronlles a nova d'unha revolta militar que s'agardaba d'un intre para outro. «¡ Os civiles están co pobo ! Entregade todal-as armas no cuartel, grandes ou pequenas, para xuntalas aos fusiles e distribuilas antre a xente moza disposta a se encadrar nas milicias populares que se están formando.» Todol-os que tiñan armas correron a entregalas e os mozos alistáronse. Os civiles surrían co-isa cara de pai que tanto engaña ao pobo. Surrían e tomaban nota. «¡ Non deixe de m'apuntar a mín !»

¡ Todal-as armas n'as mans d'eles ! ¡ As armas e os nomes dos que querían dalas ou faguer uso d'elas para defender a República !

Poucos días despois, escomenzou a cundir o espanto... Aqueles homes eran fusilados... ¿ Como pode ser ? ¡ Un, outro, outro !... Os civiles comprían co seu «deber». E non-o comprían de calquera xeito, senon co seu arte de sempre, torcendo a boca despectiva, sacando aos homes da casa a rempuxóns, demostrando aos homes — como sempre — que «non eran homes».

•

O «civil» era moitas veces unha persoa de pouco caletre, que en sabendo o reglamento e as catro reglas, falaba cos señoritos da «incultura» do pobo e chegaba a supor que a Hespaña — descontando os amos — era un país salvaxe. No fondo era un palurdo renegado, que non quería confundirse co-a xente homilde. E cando a xente homilde mostraba o pulo de se redimir, isto, ao guardia, non lle cabía na cabeza. «¡ Cómo ! ¿ Este quer ser un home ? ¿ Quer ser mais que min, que sei o reglamento ? ¡ Hai que baixarlle os fumos !» Torcía entón a cara, para falar de lado co señorito, e dicialle : «Está visto. Non hai cultura».

O señorito e o guardia estaban d'acordo n'eso de que non había cultura ; pero o guardia era moi comprensivo para as falcatruadas do señorito.

Agora o señorito das falcatruadas, e os catro satélites que nunca lle faltaban, fixéronse falanxistas. Palican e beben na taberna en compaña do «civil», que se derrete de vanidade. Beben a rreo, dándolle voltas ao bitón da radio para coller os discursos de Queipo de Llano, e cando se fartan de ademiral-os seus orneos, comentan en andaluz : «¡ Qué tío salao !»

¡Matar a un home que traballou a terra toda a sua vida!...

¡Matar aos labregos que vos mantiñan!...

¡Andar a paus con eles e co-as suas mulleres!...

¿Sabedes o que estades faguendo?

E vos, cregos que vos facedes cómplices, ¿sabedes o que quer dicir "sagrado"?

Sagro é o traballo d'aquel home.

Sagra, a liberdade que hai que axudarlle a conquerir.

¿Non te ves os cornos, crego feixista?

¿Non sintes como xa che abanea o rabo?

¿Non fuxes da túa sombra peluda?

# O CRIME PETA NAS PORTAS

**Altas horas da moite. Os falanxistas e os civiles saen da taberna. Dan voltas pol-a vila, abesullando a través das reganduxas que deitan luz, contendo o alento n'unha esquina para escoitar algún romor... Siguen, falan pol-o baixo e rematan petando a unha porta. Alí onde petan, petou o crime.**

**Todal-as noites...**

**Piden a corda da vaca.**

**Da sombra do alpendre saen â luz da lua c'un home atado co-a corda da vaca. Dend'as casas en noite, ouven que xeme unha muller, pasos que ainda resisten, un taco desvergoñento e fatuo.**

**Despois chega de lonxe un berro longo. Non se sabe si de home, de neno ou d'animal ferido.**

**Todal-as noites... Na aldea e nas vilas.**

**Pol-a mañanciña vése na codia d'un arbre a siñal da corda, e o sangue ao pe.**

•

**Petan a unha porta. Van en precura d'un mozo, disque para declarar... Pasa o dia, pasa a noite. O mozo non torna. Unha mañán corre a voce: hai moitos mortos n'un camiño. Un d'eles é aquel que saiu para declarar.**

**O crime señorea. Ten os ollos de vidro. Espía, non vé. Persigue romores no ar noitébrego e bisbiseos delatores, pero non oi nin entende a voce human. Cea forte, bebe groseiramente, envilecendo o noso viño. E sai despois con solermia de fera cobarde a faguer o seu.**

•

**Nos cociñóns da aldea xúntanse as mulleres aos domingos. Case que non falan. Choran. Non choran pol-os parentes. Choran pol-os mortos de todos, pol-a aldea aldraxada.**

•

**E o crime sigue a petar nas portas.**

**Na cibdade, nas vilas, nas aldeas.**

**Os falanxistas son milleiros. En xunto fan como unha lepra a ferver de vermes.**

**Ollada dende o ceo veríase â nosa terra como unha faz desconñecida, maldita, disfrazada cos lamparóns d'unha espantosa malatía.**

**Todol-os larizáns, os que non tiñan esprito creador nin anceio nengún de traballar e estaban como vacantes na nosa terra, xa teñen agora que faguer: asesiñar. ¿A quen? En averigualo pasan o tempo, e sempre se pode topar motivo cando se quer. Primeiro mátase a un, despois ao que protesta desa morte, logo aos que queren socorrer aos que ficaron orfos. Tamén se mata aos que non queren matar a seus irmáns. A roda non ten fin...**

## ESPIONAXE

Toda Galiza abomina dos falanxistas. E eles, que o saben, estenden até o ausurdo o espionaxe. Si dous homes están a falar, achéganse os falanxistas e requiren a cada un por separado a confesión do que falaban. Por íntima que fose a conversa hai que confidenciala, e si non cadran por enteiro as declaracións, escomenza o martirio.

Non poden as mulleres falar na fonte. Non poden palicar no río. Poderían, sí, falar mentindo... Pero non minten, e calan, porque alí preto andan os espías, os falanxistas que agardan pretesto para o seu «traballo» noitébrego. Non fai falla pregoar a verdade. Abonda lastimarse das mortes para ser tido por un sublevado que é mester suprimir «en ben da patria». (O certo é que toda Galiza está sublevada, e que habería que suprimila enteira para que poida estar tranquía a «patria» feixista.)

Xa ben saben os feixistas que non pisan chan firme. Saben que até o ar é seu enemigo na nosa terra. Síntense amenazados pol-as verbas, pero tamén pol-o silenzo... Non lles abondaría virar mudos a todos. Terían que pechar os ollos de todos, porque os ollos falan. ¡ E xa os van pechando !...

As suas mans vanse impregnando de sangue inocente... E chegará día en que non poderán lavalas, porque hai sangue que non dá, por moito que se fregue.

## O DESCOÑECIDO

— Irmán, ven conmigo.

Era aquela muller que hai moitos días que non sabe do seu home, e acaba de ouvir que hai un morto n'un camiño.

Alá van os dous — ela e seu irmán —, perguntando a quen pasa.

— Mais alá, mais alá...

Chegan. A muller quer debruzarse, c'un salouco d'espanto, sobre aquel morto que é seu home. Pero detrás d'un arbre alguén espía... A muller fica inmovel. Seu irmán mira ao morto como a un descoñecido...

Ayuntamiento de Madrid

...o que espiaba, adiántase, e in... estricando o pescozo :

— ¿Coñecédelo?

Un pequeno silenzo. A muller pensa en seu irmán, que está alí, ao pe d'ela, calado... Responde :

— Non, non sabemos quen é...

E siguen os dous o camiño...

### AQUEL QUE MORRIA COA SEDE...

Carretera de Castela, mais alá de Betanzos. En chegando â costa do Sal mulleres que ían ao mercado viron â veira do camiño unha morea de mortos. Dáballes na face un sol furioso e andaban os abellóns a rosmaren.

Había un, moi ferido, que non estaba morto ainda, e medio se ergueu, según veu que chegaban as mulleres. Tiña a cara en lume e non se podía mover para s'amparar do sol que o queimaba. Adiviñaron elas, e perguntáronlle se quería que o levasen â sombra. Afirmou él c'un xesto e indicou por señas que agoniaba coa sede.

Levárono â sombra as mulleres, e foron despois correndo a unha fontenla montesía para lle traguer auga.

Cando voltaron, os falanxistas estaban enterrando a todos. Aquel da sede estaba xa casi cuberto de terra... Foron caendo as paletadas até o fin. Enterrábano vivo.

Nas mans d'unha muller tremelocía unha cunca d'auga fresca.

### ¡¡SETE!!...

Os falanxistas queren faguer o seu «traballo» tranquíos. Fuxen do risco e da inquedanza. Despois d'un desastre no frente d'Asturias, o gobernador faccioso da Cruña convocou a todol-os falanxistas da provinza e arengounos para que fosen a reparal-as perdas do exército, cubríndoas con voluntarios de Falanxe. Houbo vítores, saudos â romana e gran tesura pol-a rua. Os milleiros de bravos meteronse despois na casa, e nos seguintes días fóronse presentando os voluntarios. Un... dous... tres... Chegaron a cubriren un número dino de Falanxe : ¡sete!

### O DERRADEIRO ALDRAXE

No derradeiro número d'este boletín recóllese a notiza das represalias feixistas contra os obreiros do Ferrol que quixeron socorrer con parte do seu xornal âs familias dos parados.

Agora sabemos tamén que non se pode socorrer âs familias orfas dos fusilados, moitas das cales fican na miseria. Quen o intente faise sospeitoso de solidariedade política, e dá pretexto aos falanxistas para o seu «traballo».

Pero é que, ademais, as señoras feixistas queren monopolizaren a caridade. (Enténdase ben : a vanidade.)

A vanidade é tanta que as cega. Non ven a morte. Non ven a door. Sô se ven a sí mesmas estendendo a man c'unha moeda... ¡que algunhas veces hai que recoller!...

